

REGULAMENTO E NORMAS XERAIS PARA O FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR DO C.E.I.P. SANTA BAIÁ

ÍNDICE

	Pax.
1. AMBITO DE APLICACIÓN	2
2. VIXENCIA	2
3. CLASES DE USUARIOS	2
4. SOLICITUDES DE PRAZA	2
5. PERDA DA PRAZA	3
6. SISTEMA DE PAGO E TARIFAS	4
7. PERIODO, HORARIO E NORMAS XERAIS	4
8. RESPONSABLES DA XESTIÓN DO COMEDOR	4
9. NORMAS DE CONDUCTA	5
10. MOTIVOS DE SANCIÓN E EXPULSIÓN	6
1. Condutas leves	6
2. Condutas graves	6
- Criterios xerais para a aplicación das medidas corretoras.	7
- Gradación das medidas corretoras.	8
- Reparación dos danos causados.	8
- Prescrición de condutas e de correccións.	8
- Responsables da aplicación das medidas corretoras.	9
11. DISPOSICIÓN ADICIONAL	9
12. ANEXOS	9

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do funcionamento do comedor escolar do Ceip Santa Baia.

As normas previstas no presente regulamento afectarán ao alumnado matriculado no C.E.I.P. Santa Baia e que sexan ou inicien os trámites para ser usuarios do servizo de comedor.

2. VIXENCIA

As normas aquí reguladas terán vixencia dende o mes de Maio de 2019. Durante a súa vixencia, poderase modificar algunha das normas establecidas neste regulamento para adaptalas ás novas circunstancias que poidan xurdir.

3. CLASES DE USUARIOS

Os usuarios de comedor clasifícanse en dúas clases:

Usuario Fixo: O alumnado que utilice o comedor de maneira habitual.

Usuario esporádico: O alumnado que necesite utilizar o comedor esporadicamente, algún día determinado e sen unha frecuencia semanal determinada con antelación. A prestación do servizo a este alumnado estará suxeita á disponibilidad de prazas (nunca superior ó máximo).

Para ser considerado usuario fixo deberá facer uso de cando menos un porcentaxe mensual igual ou superior ó 50% dos días lectivos de prestación do servizo.

4. SOLICITUDES DE PRAZA

A utilización do servizo de comedor estará condicionada á existencia de prazas vacantes e ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1- Cubrir a solicitude e envíala por correo electrónico á ANPA, ó enderezo: **anpatorredegoians@gmail.com**
- 2.- É imprescindible ser socio da ANPA e efectuar os seguintes pagamentos:
 - a) Cota de socio
 - b) Cota de seguro escolar

O usuario que non cumpra estes requisitos será dado de baixa do servizo de comedor. O prazo para reserva de praza estará aberto no periodo comprendido entre o 20 de xuño e o 20 de xullo.

Durante o mes de xuño e xullo se reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor presentadas polo alumnado neste periodo de cara ó seguinte curso e de xeito que, de

existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, se avaliarán de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- 1º- Alumnado usuario fixo do servizo de comedor no curso escolar anterior. *(considerarase que reúne este requisito, os usuarios que cando menos utilizara o servizo de comedor durante o último trimestre do curso anterior).*
- 2º- Alumnado que teña algún irmán usuario con praza no comedor escolar.
- 3º- Por orde de presentación da solicitude da reserva de praza.

Os usuarios fixos interesados en utilizar o servizo de comedor no seguinte curso escolar, deberán presentar a solicitude de reserva de praza (Anexo III) igualmente no mes de xuño.

A opción de solicitar unha praza no comedor, sempre que existan prazas libres e as condicións existentes de instalacións e monitorado o permitan continuará aberta ó longo de todo o ano, podéndose incorporar así alumnos escolarizados ó longo do curso.

As prazas de comedor outórganse a cada alumno para todo o curso escolar, mentres cumpran as normas e o precisen.

No caso de alumnado con necesidades educativas específicas a admisión no Comedor Escolar a efectos de determinar a ratio de coidadores en función das circunstancias concretas de cada caso, requirirá un informe previo do consello escolar.

A admisión quedará supeditada ó disposto nese informe, que deberá motivar e dar solución, no caso de ser posible, ás posibles incidencias que poidan xurdir no funcionamento ordinario do comedor escolar, buscando financiación adicional no caso de ser necesario.

Entenderase por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativos diferentes ás comúns por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

5. PERDA DA PRAZA

O alumnado que falte un mes consecutivo sen xustificación, así como aqueles que se den de baixa, quedarán sen praza. Para volver a optar á mesma deberán facer de novo a solicitude e pasarán a formar parte dunha lista de espera.

Procederá a suspensión dos prazos para a perda da praza no caso de non asistencia ó comedor, a petición do interesado e sempre que o xustifique suficientemente nos

seguintes casos: Procesos de IT ou permisos retribuídos dos proxenitores ou titores legais

As faltas de asistencia sen previo aviso para anular o menú, considérase unha falta moi grave, que no caso de ser reiteradas poderá levar á perda da praza do comedor, sen prexuízo do abono do menú correspondente os días de non asistencia.

Así mesmo o incumprimento de pago, será motivo da perda da praza.

6. SISTEMA DE PAGO E TARIFAS

O abono realizarase de xeito xeral a mes vencido mediante domiciliación ou transferencia bancaria.

Anualmente ó inicio de cada curso estableceranse a taboa de tarifas do comedor en función do contrato asinado ca empresa adxudicataria do servizo.

Nestas tarifas teranse en conta bonificacións para os usuarios fixos así como en función de segundos ou seguintes irmáns que utilicen o comedor.

7. RESPONSABLES DA XESTIÓN DO COMEDOR

A A.N.P.A designará unha ou varias persoas responsables de coordinar, xestionar e controlar o bo funcionamento do servizo de comedor. Estas persoas servirán de enlace entre familias, persoal, coidadores, colexio, Anpa e a empresa provedora do servizo.

A continuación se describen as principais funcións dos responsables do comedor:

- Vixilancia das instalacións nas condicións adecuadas para a prestación do servizo.
- Coordinación do servizo necesario ca empresa de prestación do servizo así como co resto dos axentes implicados para o correcto funcionamento do comedor.
- Control e organización das inscricións.
- Xestión económica.

É **obrigatorio** ter actualizado un número de teléfono de contacto na A.N.P.A. para calquera posible incidencia.

8. PERÍODO, HORARIO E NORMAS XERAIS

O período do servizo de comedor será de setembro a xuño.

Excepcionalmente o alumnado de 4º de Educación Infantil, por mor do período de adaptación, poderán comezar a partires de outubro.

O horario do comedor será de 13.45 h. a 16.00 h.

As familias non poderán recoller o alumnado antes das 15:50, agás situacións puntuais e excepcionais debidamente xustificadas. Durante o horario de comedor, as portas de acceso o recinto escolar permanecerán pechadas.

No caso de ausencia, as familias deberán avisar que o neno faltará ao comedor para anular o menú ca maior antelación posible, e como moi tarde o día anterior ou antes das 10.00 h. da mañá, avisando no número de teléfono que se habilite ó efecto.

As familias que autoricen ao alumnado a marchar sós deberán asinar a correspondente autorización e entregala no local da A.N.P.A..

Do mesmo xeito, se as familias envían a outra persoa a recoller o alumnado, deberán comunicarllo ás persoas responsables no comedor, cubrir a súa correspondente autorización e entregala no local da A.N.P.A.

O alumnado ten a obriga de traer un neceser co cepillo, vaso e pasta de dentes.

O alumnado que requira unha dieta especial por problemas de saúde ou non poidan inxerir determinados alimentos por razóns de alerxias ou intolerancias deberán presentar un **informe médico** que o xustifique. Os casos de problemas de saúde eventuais deberán comunicalo ás persoas responsables do bo funcionamento do comedor ou ás persoas coidadoras.

En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos que asisten ao Comedor. Igualmente, nunca deben entregar medicamentos aos nenos. En caso necesario, arbitrase a maneira de que os pais ou titores do alumno poidan acceder ao comedor para administrarlles os medicamentos.

Todos os meses entregarase unha folla informativa co menú diario. Esta información facilitará ás familias a preparación da dieta completa dos seus fillos, completando no resto de comidas o inxerido no Comedor.

9. NORMAS DE CONDUCTA

- O alumnado non poderá traer ningún alimento ou bebida ao comedor.
- Faranse responsables dos seus obxectos persoais, quedando a A.N.P.A e o persoal coidador exentos de calquera responsabilidade ao respecto.
- Deberán obedecer ao persoal coidador, sendo eles, e baixo os criterios establecidos polo presente regulamento, quenes o reprendan no caso de que non cumpran as normas.
- Deben ser autosuficientes para poder comer sós.

- Colocarán a roupa e mochilas nas perchas e estantes correspondentes.
- Lavarán as mans.
- Deberán sentarse correctamente.
- Esperarán tranquilamente a seren servidos.
- Pedirán con respecto e educación o que precisen.
- Falarán nun ton baixo e respectando a tódalas persoas coas que comparten o comedor.
- Non deben xogar cos servizos de mesa nin coa comida.
- Sobre as mesas só estará o preciso para comer.
- Sairán do comedor tranquilamente e sen alboroto.

10. MOTIVOS DE SANCIÓN E EXPULSIÓN

En consonancia cas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, establécese a seguinte graduación das condutas do alumnado susceptibles de sanción:

1) Condutas leves contrarias á convivencia

- a) As condutas enumeradas nos apartados 2.a, 2.b, 2.c, 2.f e 2.h tipificadas como graves e que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas como tal.
- b) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro docente.

Medidas correctoras para as condutas leves contrarias á convivencia

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Suspensión do dereito de asistencia ó comedor por un período de ata tres días.

2) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade que constitúan unha indisciplina grave.

- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- g) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades.
- h) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou incitación a elas.
- i) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- j) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- k) O incumprimento das sancións impostas.
- l) Desobedecer as indicacións do persoal coidador.
- m) Intimidar, agredir ou faltar ó respecto a outro usuario/a ou persoal coidador

Medidas corretoras das condutas gravemente prexudiciais

- a) Suspensión do dereito de asistencia ó comedor por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
- b) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.

- **Criterios Xerais na aplicación das medidas correctoras**

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- a) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- b) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- c) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

- **Gradación das medidas correctoras**

Para a gradación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

- **Reparación dos danos causados**

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o substraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

- **Prescripción de condutas e de correccións**

Condutas gravemente prexudiciais catro meses, as leves un mes. Os actos de trámite das mentadas condutas, interromperán a prescripción.

Medidas correctoras para as condutas gravemente prexudiciais ao ano, das condutas leves aos catro meses.

- **Responsables da aplicación das medidas correctoras**

As incidencias que estén recollidas nalgún destes supostos serán postas en coñecemento da Anpa, que actuará como responsable da aplicación das medidas correctoras a través dunha comisión de cando menos cinco persoas, formada por representantes da xestión do comedor, membros da Anpa e o director do centro ou persoa en quen delegue.

Estas incidencias serán valoradas e no caso de ser consideradas como graves, poderán supoñer a expulsión polo tempo que se considere oportuno de conformidade cas normas previstas para as condutas contrarias á convivencia.

11. DISPOSICIÓN ADICIONAL

As ratios de atención e coidado dos escolares usuarios do comedor, así como as características de ditas tarefas adecuarase á normativa en vigor.

A directiva da Anpa queda facultada para resolver todas aquelas cuestións non previstas no presente regulamento e que puideran suscitarse durante o curso escolar, podendo adoptar as medidas que se estimen oportunas e adoptar os acordos precisos para a súa resolución.

12. ANEXOS

Anexo I : Solicitud de reserva de praza / Inscripción

Anexo II: Parte de incidencias.

Anexo III: Cuestionario do servizo / Reserva de praza usuarios fixos.

A directiva da A.N.P.A.

ANEXO I: SOLICITUDE DE PRAZA / INSCRICIÓN

COMEDOR ESCOLAR

CEIP SANTA BAIA - BOIRO

ALUMNO/A: _____ INICIARÁ O CURSO: _____

NOME DO PAI/NAI/TITOR: _____

TLFS. DE CONTACTO: _____ / _____

DIRECIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO _____

Outros Datos de Interese

Alerxia Alimentaria: SI / NON -- ¿A qué? _____

Outra información: _____

OPCIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

INSCRICIÓN	Sinalar cun X	Especificar datas
INSCRICIÓN ANUAL	<input type="checkbox"/>	---
INSCRICIÓN SEMANAL	<input type="checkbox"/>	Indicar datas:
INSCRICIÓN DIARIA	<input type="checkbox"/>	Indicar datas:

Boiro, ____ de _____ de 20____

Ca sinatura da presente solicitude, declaro ser coñecedor e estar en conformidade co previsto no regulamento e normas xerais para o funcionamento do servizo de comedor.

SINATURA DA NAI/PAI/TITOR: _____

ANEXO II: PARTE DE INCIDENCIA (Servizo de Comedor Escolar)		DATA _____
Persoa que rexistra o parte		
Alumnado implicado nos feitos		
<u>Descrición dos feitos (incluíndo hora/lugar/implicados):</u>		
No caso de corresponderse con algunha conduta especificada no regulamento e normas xerais de funcionamento do servizo do comedor, especificar cal:	No caso de propor algunha medida correctora especificada no regulamento e normas xerais de funcionamento do servizo do comedor, especificar cal:	
OUTRAS OBSERVACIÓNS		
Boiro, _____ de _____ de __ 20__		
<u>SINATURA:</u>		

ANPA CEIP SANTA BAIÁ - BOIRO

ANEXO III: RESERVA DE PRAZA PARA USUARIOS E CUESTIONARIO DO SERVIZO

Ca finalidade de determinar o número de usuarios do servizo de comedor así como as prazas dispoñibles para o vindeiro curso escolar, é necesario cumprimentar o presente anexo - reserva de praza.

ALUMNO/A: _____ INICIARÁ O CURSO: _____

NOME DO PAI/NAI/TITOR: _____

TLFS. DE CONTACTO: _____ / _____

DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO _____

NO VINDEIRO CURSO _____ VAI FACER USO DO SERVIZO:	SÍ	NON
---	----	-----

Só no caso de variar as condicións da inscrición, especificar cal (marcar cun x):

Inscrición anual ____	Inscrición semanal ____	Inscrición diaria ____
Observacións:		

VALORACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR (Valore de 1 a 5, sendo 5 a máxima puntuación)	Puntuación: _____
OBSERVACIÓNS:	

Boiro, ____ de _____ de 20 ____

Ca sinatura da presente solicitude, declaro ser coñecedor e estar en conformidade co previsto no regulamento e normas xerais para o funcionamento do servizo de comedor.

SINATURA DA NAI/PAI/TITOR: _____